

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, DE CINCO PEÓNS DE SERVIZOS VARIOS, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL) MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é proceder á contratación laboral temporal, a tempo parcial, de cinco (5) peóns de servizos varios, para a realización do PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL) MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS para cuxo funcionamento se solicitou unha subvención ao amparo do disposto na Resolución da Presidencia nº 2018/8060 de data 02/03/2018 (BOP número 41, de 28 de febreiro de 2018), pola que se aproba a convocatoria do Programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes (anualidade 2018).

Esta contratación realizarase na modalidade de "contrato eventual por circunstancias da produción", ao abeiro da normativa contida no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real Decreto 2720/1998, de 18 decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, así como pola Resolución da Presidencia nº 2018/16674 de data 16 de maio de 2018 (BOP número 94, de 21 de maio de 2018) de concesión definitiva da subvención do Programa de Integración Laboral de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de 20.000 habitantes, anualidade 2018.

SEGUNDA.- DURACIÓN

A contratación terá unha duración de 5 meses, rematando en todo caso o día 31 de decembro de 2018.

TERCEIRA.- XORNADA DE TRABALLO

A xornada ordinaria de traballo será de 25 horas semanais.

CUARTA.- FUNCÍONS

- recollida de voluminosos
- recollida e tratamento de residuos
- limpeza viaria
- arranxo de vías públicas
- desbroces de pistas e camiños
- limpeza de zonas verdes
- obras pequenas de reparación e mantemento relacionadas con ditas funcións

QUINTA.- RETRIBUCÍONS SALARIAIS MENSUAIS ÍNTEGRAS

- 939,67 euros mensuais, distribuídos nos seguintes conceptos salariais:

- Sueldo: 805,43 euros

- Prorrateso de pagas extraordinarias: 134,24 euros

SEXTA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES

1.- Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Atoparse en posesión do certificado de escolaridade (ou equivalente).

c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, no estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

2.- Asemade, segundo o disposto na base 2.1 reguladora do Programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes (anualidade 2018) da Deputación da Coruña, os/as aspirantes deberán estar:

- en situación de desemprego (acreditarse mediante certificado expedido pola oficina de emprego dentro do prazo de presentación das solicitudes) e atoparse ademais
- nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:
 - muller (acreditarse co orixinal ou fotocopia compulsada do DNI)
 - maior de 45 anos (acreditarse co orixinal ou fotocopia compulsada do DNI)
 - persoas desempregadas de longa duración, entendéndose por tales aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego (acreditarse co orixinal ou fotocopia compulsada do documento que reflicte o tempo de inscrición, expedido pola oficina de emprego)
 - persoa con discapacidade, entendéndose por tal aquela que teña recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade en grado igual ou superior ao 33% (acreditarse co orixinal ou fotocopia compulsada do documento oficial correspondente)
 - persoas en situación de drogodependencia (acreditarse mediante informe emitido polos servizos sociais do seu Concello)
 - persoas en hogar monoparental/monomarental (acreditarse mediante informe emitido polos servizos sociais do seu Concello)
 - persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais (acreditarse mediante informe emitido polos servizos sociais do seu Concello)
 - persoas vítimas de violencia de xénero (acreditarse co orixinal ou fotocopia compulsada

- da resolución que acredite tal condición)
- persoas sen fogar (acreditarse mediante informe emitido polos servizos sociais do seu Concello)

SÉTIMA.- PUBLICIDADE

O anuncio desta convocatoria publicarase no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases de selección publicaranse no Boletín Oficial da Provincia. Asemade, publicarase un anuncio da convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

No prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOGA, os aspirantes deberán presentar a súa solicitude, segundo o modelo do ANEXO II destas bases, no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Nos supostos previstos nos apartados b), c) d) e e) do artigo 16.4, os aspirantes deberán comunicalo ao concello mediante telegrama ou telefax (981 500 914) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

A solicitude deberá ir acompañada dun curriculum vitae e de orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

1. D.N.I. ou equivalente
2. certificado de escolaridade ou equivalente
3. documentación xustificativa dos méritos alegados, de conformidade co disposto no **ANEXO I**, no seu caso.
4. certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 2, ou equivalente, no seu caso

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Arzúa.

A resolución pola que se aproba lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

No caso de habelos, os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de dez cinco (5) días a contar dende o seguinte ao da publicación da devandita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/15, en relación co artigo 33 da mesma.

Posteriormente elaborárase unha nova lista cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que será igualmente exposta no Taboleiro de Anuncios.

Nesta resolución indícarase tamén cal será a data, lugar e hora na que se haberá de levar a cabo a valoración dos méritos á que se refire o apartado a) da base décima; así como a composición do tribunal de selección.

NOVENA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal estará composto por un presidente, tres vocais e un secretario, que serán designados

por Resolución da Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres.

Deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria, e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, debendo estar presentes o/a Presidente/a e o Secretario/a en todo caso.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, que colaborarán co órgano de selección unicamente no exercicio das súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector público. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se deran calquera das citadas circunstancias.

DÉCIMA.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección desenvolverase nas seguintes fases:

a) Concurso de méritos.- Nela cualificaranse os méritos á que se refire o **ANEXO I** destas bases en base á documentación aportada polos aspirantes, non sendo obxecto de valoración aqueles méritos que non resulten debidamente acreditados.

As puntuacións dos/as aspirantes na fase de concurso de méritos faranse públicas unha vez rematada a súa valoración, concretando o lugar, día e hora para a realización da entrevista.

b) Entrevista.- Realizarase no Salón de Comisións do Concello seguindo a mesma orde que a de presentación de instancias no Rexistro Xeral do Concello por parte dos/as aspirantes interesados/as nesta contratación; e versará sobre o curriculum vitae do/a aspirante e a adecuación e coñecementos do/a mesmo/a en relación co posto de traballo.

A puntuación máxima na fase de entrevista será de **4 PUNTOS**.

As cualificacións da fase da entrevista efectuaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro da tribunal de selección con dereito a voto, de 0 a 4 puntos, e dividindo o total entre o número de membros da Comisión con dereito a voto.

c) Acreditación do coñecemento do galego.- A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación (antes da finalización do prazo de presentación de instancias) do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 2, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

Os/as aspirantes que non podan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no apartado anterior deberán de acreditalo mediante a realización dunha proba de coñecemento do galego que terá carácter obrigatorio aínda que non eliminatorio.

Dita proba consistirá na tradución directa do castelán ao galego de 4 frases propostas polo Tribunal durante un tempo máximo de 10 minutos e sen axuda do dicionario.

O exercicio cualificarase cun máximo de **1 PUNTO**.

Aos aspirantes que posúan o CELGA 2 (ou superiores) atribuiráselles a máxima puntuación nesta proba (1 punto).

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida no concurso de méritos, na entrevista e na proba de galego. Aos efectos da súa notificación colectiva publicarase un Anuncio no Taboleiro, indicando a puntuación obtida por cada un dos/as aspirantes en cada unha das fases e probas, así como a suma das mesmas.

En caso de empate na puntuación final, resolverase o mesmo en favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación no punto primeiro do baremo de méritos; e si persistise o empate, resolverase o mesmo en favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación no punto segundo do baremo de méritos.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación aos aspirantes que encabecen a relación do proceso selectivo, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que os correspondentes ao postos de traballo que se pretenden contratar; e sen prexuízo de trasladar a proposta de contratación en favor dos seguintes aspirantes pola orde de puntuación, para o suposto de que o primeiro aspirante seleccionado (ou seguintes no seu caso), non puidera acreditar os requisitos necesarios para ser contratado, ou renunciase a tal contratación.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante as probas ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

DÉCIMOPRIMEIRA .- INCIDENCIAS

O tribunal de selección queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas Bases.

DÉCIMOPRIMEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Previamente á sinatura do correspondente contrato, os/as candidatos/as seleccionados/as deberán achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días -contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio a que se refire a base anterior- a seguinte documentación:

- a) Certificado oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado.
- b) Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme a normativa vixente.
- c) Declaración de non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións nin atoparse inhabilitado para o exercicio e desempeño das funcións públicas.

ANEXO I

BAREMO DE MÉRITOS

1. Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: **3 PUNTOS por programa ata un máximo de 9 PUNTOS**

A acreditación deste mérito deberá efectuarse mediante certificación expedida pola Administración pública que corresponda.

2. Por experiencia profesional: **ata un máximo de 3 PUNTOS**

- por cada mes completo (ou fracción superior a 20 días) de servizos prestados en administracións públicas ou empresas públicas na mesma categoría e especialidade solicitada: 0,25 puntos.

A acreditación dos servizos prestados poderá efectuarse mediante certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos, indicando a duración total ou os períodos de duración dos servizos prestados; e/ou mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo xunto co informe de vida laboral.

3. Por ter realizado cursos formativos impartidos polas Administracións Públicas, Universidades, INEM, Sindicatos ou Asociacións, relacionados directamente coas funcións propias do posto de traballo, conforme ao seguinte baremo de puntuación: **ata un máximo de 2 PUNTOS**

-Ata 10 horas de duración: 0,10 PUNTOS
-De 11 a 25 horas de duración: 0,25 PUNTOS.
-De 26 a 50 horas de duración: 0,50 PUNTOS.
-De 51 a 75 horas de duración: 0,75 Puntos.
-De 76 a 100 horas de duración: 1 PUNTO.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos deberá constar a duración dos mesmos. En caso contrario, entenderase que teñen ata 10 horas de duración e polo tanto serán valorados con 0,10 PUNTOS cada un deles.

A formación acreditarase mediante certificación da entidade que impartiu o curso ou mediante copia compulsada do documento oficial acreditativo da súa realización.

4. Por posuír o permiso de conducir clase B: **1 PUNTO**

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

D/Dona _____ con DNI nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____ con nº de teléfono _____ / _____ e correo electrónico _____

declaro coñecer e aceptar as bases para participar no proceso de selección para a contratación laboral temporal, a xornada parcial, mediante o sistema de concurso, de cinco (5) peóns de servizos varios, para a realización do PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS.

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resultado/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Por todo isto **SOLICITO** tomar parte neste proceso de selección acompañando á presente solicitude:

1) un curriculum vitae

xunto con orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

2) DNI ou equivalente

3) Titulación esixida conforme ao disposto na base sexta, apartado 1.b)

4) Documentación xustificativa dos méritos alegados, de conformidade co disposto no **ANEXO I**, no seu caso

5) Certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 2, ou equivalente, no seu caso

En Arzúa, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA